



O poeta palestino **Najwan Darwish** naceu en 1978 na cidade ocupada de Xerusalén, onde segue residindo e traballando. Dende que publicou o seu primeiro poemario, no ano 2000, vén sendo considerado un dos poetas máis destacados da súa xeración no Mundo Árabe. De feito, mesmo foi seleccionado coma un dos 39 mellores escritores árabes menores de corenta anos polo Hay Festival, na súa edición de Beirut 39. A súa poesía traducíuse xa a máis de vinte linguas, incluídos os libros en español: *Nada más que perder* (2016), *Durmiendo en Gaza* (2017) e *No eres poeta en Granada* (2018).

Ademais da intensa dedicación á poesía, Darwish ten participado na creación dunha chea de iniciativas relacionadas coa arte e cultura palestinas e árabes, co obxectivo de tender pontes entre esta e o mundo. Alén diso, é asesor literario do Festival de Literatura de Palestina (PalFest).

En 2014 fundou a sección de cultura do diario árabe Al-Araby Al-Jadeed, con sede en Londres, da que continúa hoxe a ser redactor xefe.

NON PARAMOS

*Non teño país onde volver
nin país do que ser desterrado:
unha árbore cuxas raíces son un río que corre;
morre se para,
morre se non se detén.*

*

*Sobre as meixelas e o colo da morte
pasei os meus mellores momentos,
e a terra que perdía cada día
cada día gañábaa outra vez.
A xente tiña un só país,
o meu multiplicábase na perda
e na ausencia íase renovando.
Son auga as súas raíces, coma as miñas:
seca se para,
morre se se detén.*

*Imos os dous correndo xunto a un río de sol,
dese pó de ouro que deitan as feridas antigas,
e non paramos nunca.
Imos os dous correndo,
non pensamos nunca en deternos para nos encontrar.*

*

*Non teño país do que ser desterrado
nin país ó que regresar:
hei morrer se me deteño,
se non paro vou morrer.*



(NAJWAN DARWISH)

Luns **28** de maio
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos 2018



*Antón Blanco
Casás*





Antón Blanco Casás naceu en Vilagarcía de Arousa en 1996. Alí viviu até matricularse na Universidade de Santiago de Compostela, onde hoxe reside mentres estuda Filoloxía Galega.

Educouse no musical até poder interpretar varios instrumentos. Coa batería fixo parte de varios grupos dende a adolescencia e, na actualidade, mantén o proxecto Canine xunto con Afonso Traficante –co que vén de publicar na rede o EP [hélice]–, ao tempo que toca na banda de pop Atrás Tigre a carón das poetas Xiana Arias e Olalla Cociña.

Gañou o veterano certame literario Minerva na súa XLII edición, entre outros premios para o xénero poético. Publicou textos nas revistas *Dorna* e *Grial* así como en diversos fanzines. Ademais, aparece nas referenciais antoloxías *No seu desprezar* (2016) e *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2017). En 2016 publica *A oseira*, o seu primeiro poemario, ao que se sumou hai poucos meses *Tres estudos para un poema da cidade*. Hoxe forma parte do proxecto Chanzo de poesía en acción, vencellado á editorial na que debutara o que é un dos nomes máis salientables da última poesía galega.

**NON NO PREGAMENTO
ANTERIOR –MESETA QUE NON SE DESGASTA**

*Na planicie inician os preparativos para emprender
a segunda das exploracións.
Ao explorador ábreselle aí a fronte.*

*Fronte negrísima.
Fronte succionada por mandatos difíciles de comprobar.*

Non hai texto que os recoñeza.

*Este deserto ou planicie é
agora novo punto de recoñecemento.*

*Exploradores ou cranio baixo peso de todos os gases
rematan os preparativos e a expedición é inminente.
O itinerario
é imposible sen vehículo.*

*Isto provoca que colectivos non moi extensos deles
se confinen en cadansúas barcazas.*

*Fluxos irregulares que se afastan da cidade
co obxectivo de observar.*

*Efectivamente, chegados a un punto
orientáronse cara aos brazos da cidade
e observaron.*

Poetas
Di(n)versos
2018



(ANTÓN BLANCO
CASÁS)

Luns 28 de maio
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Najwan
Darwish

